

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 25 de maio de 2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"2.- Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado SUR-D/S-I4/AR S-I4. CALVO. Corrección do punto 6.3 da memoria xustificativa. (CIPUM de 19/05/2020).

Sometido o asunto a votación, por unanimidade dos seus membros (21) de dereito, o Pleno municipal acorda:

Primeiro.- *Aprobar a corrección do punto 6.3 da memoria xustificativa do plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado SUR-D/S-I4/AR S-I4 do PXOM (Calvo), aprobado definitivamente na sesión do Pleno Municipal de 25 de novembro de 2019, cuxo parágrafo relativo ao apartado 2) pasa a ter a seguinte redacción:*

"El proyecto de urbanización recogerá el trazado del carril bici de doble sentido que discurrirá desde el extremo noroeste del sector hasta el extremo sureste discurriendo por la barrera vegetal y la ZV-1 del sector, dándole continuidad a través del Sistema general adscrito (SX. EL- 12) hasta el Parque fluvial del Río Anllóns previsto en el PXOM."

Esta corrección está presentada por escrito de 08/04/2020, rexistro 202099900000706, e redactada polos arquitectos Iria Pérez Miranda (arq. col. 3194 COAG) e Ignacio Lázaro Quintela (arq. col. 3877 COAG) e polo enxeñeiro Manuel Breijo Cotelo (enxeñeiro industrial col. 5040 COIIG). Esta corrección non afecta a terceiros, nin ten carácter normativo, nin altera ningunha outra parte do documento do plan parcial, nin dos seus planos.

Segundo.- *Dar traslado á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do acordo adoptado e da documentación técnica correspondente, co parágrafo corrixido do apartado 2) do punto 6.3 da memoria xustificativa do plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado SUR-D/S-I4/AR S-I4 do PXOM (Calvo), solicitando teña por corrixida a observación indicada no requirimento de data 16/03/2020, deixándoo sen efecto, en base ás consideracións contidas no apartado IV do informe dos servizos técnicos municipais que consta no expediente."*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.
O alcalde